

Nome: _____ Data: _____

1- O corpo dos animais vertebrados está dividido en varias partes:

- a) Cabeza e tronco.
- b) Tronco e extremidades.
- c) Cabeza, tronco e extremidades.

2 - Os mamíferos teñen ...

- a) catro extremidades.
- b) unha boca con dentes e beizos.
- c) fecundación interna.
- d) Todas as anteriores son correctas.

3 – As aves

- a) Son ovíparas. As femias poñen ovos que incuban coa calor do seu corpo ata que se produce a eclosión e nace a cría.
- b) Son ovíparas e non incuban os seus ovos.
- c) Son animais vivíparas. Nacen do ventre da súa nai e aliméntanse do leite que producen as súas mamas.

4 - Manteñen a temperatura do seu corpo estable, tanto se vai frío coma se vai calor.

- a) Aves e mamíferos.
- b) Aves, mamíferos e réptiles.
- c) Réptiles, peixes e anfibios.

5 - As larvas respiran por branquias, e os adultos, por pulmóns e pola súa pel húmida.

- a) Peixes
- b) Réptiles
- c) Anfibios

6 - A maioría teñen vexiga natatoria coa que controlan a profundidade á que se sitúan, sen necesidade de nadar.

- a) Réptiles
- b) Mamíferos
- c) Peixes

7 - Teñen o corpo recuberto por escamas. Estas escamas non son flexibles, polo téñenas que cambiar a medida que medran. Este proceso denomínase muda.

- a) Réptiles
- b) Réptiles e peixes
- c) Anfibios

8 - Teñen o corpo recuberto por unha pel núa; é dicir, non teñen nin pelo, nin plumas, nin escamas.

- a) Mamíferos
- b) Anfibios
- c) Aves

9 – Os peixes

- a) A maioría teñen esqueleto óseo, aínda que algúns posúen un esqueleto de cartilaxe. O esqueleto está formado por espiñas.
- b) Teñen ósos ocos, así pesan menos e poden voar con máis facilidade.
- c) Posúen, ademais, unha coiraza dura que as protexe.

10 – Son herbívoros, carnívoros e omnívoros

- a) Os peixes, mamíferos e anfibios.
- b) Mamíferos, aves, peixes e réptiles.
- c) Aves,anfibios e réptiles.